



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Practicum		Código	750G01032
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	24
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rodríguez Maseda, Emma	Correo electrónico	emma.rodriguez.maseda@udc.es	
Profesorado	Darriba Rodríguez, María Del Pilar Fernández Basanta, Sara Freijomil Vázquez, Carla Goday Berini, María Luísa Movilla Fernandez, Maria Jesus Rodríguez Maseda, Emma Sobrido Prieto, Natalia	Correo electrónico	pilar.darriba@udc.es sara.fbasanta@udc.es carla.freijomil@udc.es l.gberini@udc.es maria.jesus.movilla@udc.es emma.rodriguez.maseda@udc.es natalia.sobrido@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Materia de práctica clínica de intervención integradora e avanzada, supervisada por profesionais enfermeiros e por profesores da Universidade situados nos recursos socio-sanitarios seleccionados como ámbitos clínicos de aprendizaxe práctica avanzada. O seu obxectivo fundamental, é permitir a incorporación por parte do alumno dos valores profesionais, razoamento clínico, xestión clínica e o xuízo crítico. Ademais, o estudante ha de integrar os coñecementos, habilidades e actitudes da enfermaría como práctica profesional baseada en principios e valores, asociados ás competencias descritas nas materias que conforman o título.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Participar de maneira activa e responsable como membro do equipo asistencial	A62	B1	C1
		B2	C3
		B3	C4
		B4	C6
		B5	C7
		B7	C8
		B11	C10
		B12	C11
		B14	C12
		B16	
		B18	
		B21	
		B22	
	B24		



Desenvolver con habilidade, estratexias de comunicación coas persoas, familias, grupos e comunidade.	A62	B1 B3 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B18 B21 B22	C1 C3 C4 C6 C8 C11 C12
Demostrar capacidade para determinar as necesidades de coidado das persoas atendidas, establecer os diagnósticos de enfermaría e complicacións potenciais e planificar as intervencións e actividades necesarias.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13
Executar con habilidade as intervencións e actividades necesarias.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19 B20 B21 B24	C3 C4 C6 C7 C8 C11 C13



Utilizar os sistemas de continuidade dos coidados.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B14 B16 B18 B19 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C8 C10 C12
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B9 B11 B13 B14 B16 B20 B21 B22 B24	C3 C4 C7 C10 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
PRACTICAS CLÍNICAS TUTELADAS QUE SE DESENVOLVEN EN CALQUERA ÁMBITO DA PRÁCTICA ENFERMEIRA.	Realización do proceso de Coidado. Realización de actividades de prevención e promoción da saúde. Administrar coidados ás persoas, en situacións específicas de saúde-enfermidade. Comunicación efectiva co usuario e/ou persoas significativas e co equipo multidisciplinar. Traballo en equipo e relacións interprofesionais. Incorporación á práctica profesional dos principios éticos e legais que guían a profesión.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Portafolios do alumno	A62 B1 B3 B7 B8 B11 B21 C1 C3 C4 C6 C7 C12 C13	0	20	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	B8 B11 B12 B13 B22 C3 C4 C7 C13	6	0	6
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	474	0	474
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	A metodoloxía que se utilizará para realizar este portafolios é o Diario Reflexivo do alumno. Este diario, realizarase a través da plataforma Moodle e a súa cumprimentación é obrigatoria e consistirá nunha entrada semanal.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Antes de finalizar o rotatorio os alumnos asistirán as Xornadas de Orientación Profesional organizadas pola Facultad e eventos científicos que se poidan programar. Prográmase como unha actividade de asistencia obrigatoria dentro da materia.
Prácticas clínicas	Proceso instruccional que ten lugar nun ambiente natural, relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica desta. Prográmase como unha actividade de asistencia obrigatoria dentro da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	A atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos, guiandolos a través da aprendizaxe. Isto permite facer un seguimento do proceso de maduración das competencias. Dentro do marco da atención personalizada inclúese a realización dun e-Diario reflexivo, que se revisa semanalmente, o cal supón un marco de reflexión no que o profesor ten a posibilidade de guiar o alumno naqueles aspectos que resulten máis dificultosos dende a perspectiva do alumno. Ademais, traballaranse os aspectos que se consideren oportunos tras as reunións cos diferentes titores dos alumnos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido dende a Facultade. Como resultado do rotatorio práctico, xeraranse dous informes, un intermedio e outro final, os cales serán elaborados polo profesor, que tutorice ao alumno no centro sanitario. Estes informes serán revisados finalmente e valorados polos docentes da materia e o titor clínico. Estes dous informes permítenos realizar un seguimento da evolución do alumno e ser conscientes de aspectos a mellorar. Na elaboración dos informes, teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do alumno.	80
Portafolios do alumno	A62 B1 B3 B7 B8 B11 B21 C1 C3 C4 C6 C7 C12 C13	A súa realización é obrigatoria. Será avaliado polos docentes da materia, non polo titor clínico.	20

Observacións avaliación

PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Practicum e ter superadas as todas as Estancias Clínicas, tal e como consta na memoria do Título de Grao

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 20% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio dos profesores responsables da materia, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas e no servizo que se considere oportuno en función das necesidades, podendo non coincidir co lugar no que se iniciaron.

Para superar a materia:

- É imprescindible superar cada unha das metodoloxías avaliábeis de forma independente. As partes considéranse superadas cando se alcanza unha puntuación de 5 sobre 10. A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta.

- É imprescindible ter asistido aos eventos científicos e/o divulgativos programados.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Convocatoria de segunda oportunidade: o estudante deberá recuperar toda a materia (no caso de non superar ambas metodoloxías) ou a parte non superada, durante o mes de xullo e antes do peche de actas.

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña máis dun 95% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026
Estadías Clínicas III/750G01027
Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas V/750G01029
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías